SOLUCIÓN DO RETO 2 DO REA DE NÚMEROS NATURAIS

Clasificación de datos

Neste reto o docente facilitará aos responsables de cada grupo as fichas inmobiliarias desordenadas. Eles deberán separalas en 2 grupos:

- Pisos de 2 dormitorios (22 fichas inmobiliarias)
- Pisos de 3 ou máis dormitorios (22 fichas inmobiliarias)

Despois sacarán fotocopias para todos os grupos: Sacarán tantas fotocopias de cada taco como grupos vaian traballar con esta tipoloxía.

Unha vez que cada grupo teña xa as fichas coas que vai traballar, deberán comprobar se hai algún que non cumpra coas premisas, é dicir, que todos teñan o número de dormitorios e baños que se decidiu, que todos teñen calefacción, rocho (trasteiro) e garaxe, e que estean en bo estado de conservación. No caso de que non cumpran algún destes criterios, deberán desbotar eses pisos. Hai 6 pisos por grupo que non cumpren.

Ao rematares este paso, deberán debater e comparar entre os grupos o número de pisos que desbotou cada un e explicar o motivo para facelo.

Tamén se analizarán os conceptos que aparecen nas fichas para decidir o que significa cada un e como afecta ao prezo e ao benestar de quen a habite.

"Solución RETO 2 do REA1 Canto custa unha casa?", do proxecto *cREAgal*, publícase coa
Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0